



BANDO

LUÍS MENOR PÉREZ, ALCALDE DO PEREIRO DE AGUIAR (OURENSE)

FAI SABER:

O Concello do Pereiro de Aguiar **comunica e adopta novas medidas adicionais** tras a declaración da situación de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a declaración de Estado de Alarma.

Os cidadáns unicamente poderán circular polas vías de uso público para realizar as seguintes actividades:

1. Adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade.
2. Asistencia a centros sanitarios.
3. Desprazamento ao lugar de traballo.
4. Retorno ao lugar de residencia habitual.
5. Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou especialmente vulnerables.
6. Desprazamento a entidades financeiras
7. Por causa de forza maior ou situación de necesidade
8. Calquera outra actividade de análoga natureza debidamente xustificada.
9. Repostaxe en gasolinerías ou estacións de servizo

Interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do Sector Público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento que perda vixencia o Real Decreto da Declaración de Estado de Alarma ou no seu caso as prórrogas do mesmo.

Suspéndense a actividade, durante 14 días, de todos os establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas e do comercio retalista en todo o territorio da Comunidade Autónoma, **a excepción dos establecementos comerciais retalistas de alimentación e produtos e bens de primeira necesidade.**

A cabida de edificios de culto, tanatorios ou calquera instalación asimilada quedará reducida a un terzo da súa capacidade máxima. Así mesmo, **os cortexos fúnebres quedarán reducidos a un máximo de 25 persoas**

Ratífanse todas as disposicións e medidas adoptadas polas autoridades competentes das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais con ocasión do coronavirus COVID-19 amparadas pola declaración do estado de alarma. **O incumprimento ou a resistencia as ordes das autoridades competentes será sancionado** con arreglo as Leis, nos termos establecidos no artigo 10 da Lei Orgánica 4/1981, de 5 de xuño.

PROHÍBENSE as actividades colectivas en calquera área recreativa e nos locais sociais e o uso dos parques infantís e biosaudables.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Luís Menor Pérez

Concello do Pereiro de Aguiar

